

Sr. Alcalde-Presidente
Concello de Soutomaior
Pontevedra

Asunto: **Comunicación de situación de risco en relación á influenza aviaria en aves**

Estimado Alcalde-Presidente:

A situación epidemiolóxica en relación á influenza aviaria está en constante vixilancia en todos os países da Unión Europea. A análise dos focos desta enfermidade comunicados polos países da Unión Europea e outros países europeos do entorno durante o ano 2021, tanto en aves domésticas como en silvestres, indican un aumento do risco de difusión do virus en Europa.

Durante o presente ano detectouse un constante goteo de focos notificados en diversos países, non só focalizados no período invernal como era esperable segundo aconteceu en tempadas anteriores, senón ao longo do todo o ano. Así, dende o 1 de xullo de 2021 e ata o 25 de novembro de 2021 comunicáronse 195 focos en aves domésticas (Alemaña, Bulgaria, República Checa, Dinamarca, Eslovaquia, Estonia, Francia, Hungría, Irlanda, Italia, Kosovo, Noruega, Reino Unido, Países Baixos e Polonia), e 563 focos noutras aves non domésticas, incluídas as silvestres.

A situación descrita indica polo tanto un incremento da circulación do virus respecto a anteriores tempadas, debido non só á vehiculación estacional polas aves silvestres invernantes, principal fonte de risco en tempada anteriores, senón tamén, como se detectou no presente ano, a través de aves silvestres residentes nos distintos territorios. Outra diferenza observada en 2021 é que na maioría dos brotes o serotipo predominante tanto en aves domésticas como silvestres é o H5N1, en lugar do H5N8 prevalente nas tempadas pasadas. Este serotipo, ademais da elevada mortalidade que presenta nas especies avícolas, está por determinar o seu potencial zoonótico, é dicir a capacidade de causar infección na poboación humana, principalmente tras un contacto prologado e próximo con aves infectadas.

Nas últimas semanas produciuse un aumento significativo de casos detectados o que determinou que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación o pasado 2 de decembro **elevara o nivel de risco de aparición do virus da influenza aviaria de alta patoxenicidade (IAAP) en España** nos concellos incluídos nas denominadas Zona de Especial Risco (ZER) e moderado na Zona de Especial Vixilancia (ZEV),

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias
Edificio administrativo núm. 4 de San Caetano, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 544 777 /+34 881 999 070
mediorural.dxgaia@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





definidas na Orden APA 2442/2006, de 27 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria.

A este respecto, débese ter en conta que na tempada anterior, 2020-2021, detectáronse 3 focos de IAAP en España.

Os concellos incluídos na zona ZEV son: Dumbría, Mazaricos, Ortigueira, Porto do Son, Ribeira, Vimianzo e Zas na provincia de A Coruña, Ribadeo e Trabada na provincia de Lugo, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Vilar de Santos e Xinzo de Limia na provincia de Ourense e A Guarda, Marín, Meis, Moaña, Poio, Pontevedra, Redondela, O Rosal, Soutomaior, Tomiño, Tui, Vilaboa e Vilagarcía de Arousa na provincia de Pontevedra.

As medidas establecidas na normativa de aplicación na actual situación de risco para os territorios incluídos en zona ZEV como é o caso do seu concello, son de aplicación para calquera tipo de explotación avícola, sexa industrial, artesanal ou de pequena capacidade, así como para os currais familiares de autoconsumo.

A continuación detállanse as medidas establecidas na Orden APA 2442/2006 a aplicar a partir desta data nos concellos incluídos na ZEV en Galicia, orientadas fundamentalmente a evitar o contacto directo ou indirecto das aves domésticas coas aves silvestres de calquera especie.

MEDIDAS A APLICAR NAS EXPLOTACIÓNS AVÍCOLAS NOS CONCELLOS INCLUÍDOS EN ZONA DE ESPECIAL VIXILANCIA (ZEV) EN RELACIÓN Á INFLUENZA AVIARIA

- Quedan prohibidas as concentracións de aves de curral, comerciais ou non (exhibicións, concursos...). As concentracións doutras aves distintas das de curral (aves ornamentais e similares) están permitidas pero poderán ser prohibidas pola Consellería do Medio Rural, de acordo coa situación de risco en relación coa influenza aviaria.
- É obrigatoria a inscrición dos currais familiares no Rexistro Galego de Explotacións Avícolas da Consellería do Medio Rural.
- Calquera sospeita de influenza aviaria nas aves da explotación deberá ser comunicada aos Servizos Veterinarios Oficiais da Consellería do Medio Rural, directamente ou a través do veterinario da explotación, se existira. Igualmente no caso de sospeita en aves silvestres.

Como información complementaria achéganse as seguintes recomendacións:

- Evitar criar parrulos, gansos ou ocas xunto con outras especies de aves de curral.





- Evitar que as aves domésticas entren en contacto directo ou indirecto con aves silvestres e especialmente con aves acuáticas, e dentro delas coas anátidas.
- Protexer os comedeiros e os bebedeiros das aves de curral, evitando que accedan a eles as aves silvestres.
- Evitar darlle de beber ás aves de curral auga á que puideran ter accedido aves silvestres.
- Protexer os depósitos de auga, impedindo que as aves silvestres accedan á mesma ou as súas dexeccións.
- Non soltar as aves de curral nos terreos mais próximos á beira das charcas, encoros ou pequenos humedais onde haxa presenza de aves silvestres migratorias, especialmente se son anátidas.
- As persoas relacionadas con granxas avícolas comerciais que posúan tamén unha explotación avícola de tipo curral familiar, deben evitar ter contacto con aves dunha e outra explotación sen previamente tomar as axeitadas medidas de bioseguridade (lavado de roupa, lavado de mans...), especialmente se as aves do galiñeiro familiar teñen posibilidade de contactar con aves silvestres.
- As persoas titulares ou traballadoras en explotacións ou titulares de currais familiares de calquera tipo, se realizan actividade cinexética de caza menor de aves, deben manter as citadas adecuadas prácticas de bioseguridade unha vez finalizada a actividade cinexética, procurando no entrar en contacto coas aves domésticas da súa propiedade.

En relación á obriga para as persoas titulares de currais familiares de autoconsumo de inscribir o seu curral no Rexistro de Explotacións Avícolas da Consellería do Medio Rural, cómpre lembrar que a única finalidade deste rexistro é ter constancia da existencia do curral, como información de interese nunha situación de emerxencia sanitaria por influenza aviaria no territorio galego.

O rexistro pode realizarse por diversas vías:

- Na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>), cubrindo o formulario MR 501A – Inscrición no rexistro de explotacións avícolas non comerciais. Xúntase modelo para o seu coñecemento e uso se o consideran. (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR501A&ano=2015&numpub=1&lang=gl>)
- Nas Oficinas Agrarias Comarcais (OAC) da Consellería do Medio Rural. <https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa>





- Por calquera dos sistemas habilitados pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Prégolle que dea a maior difusión posible a esta información a todos os veciños e veciñas do seu concello polos medios dispoñibles que considere máis adecuados.

Grazas pola súa colaboración. Reciba un saúdo

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias
Silvestre José Balseiros Guinarte

